

CADERNO DE ORIENTACIÓN

EDUCACIÓN SECUNDARIA
OBRIGATORIA

Guía para o alumnado



ÍNDICE



1. ESTRUCTURA DO SISTEMA EDUCATIVO

2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

3. PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

4. OPCIÓN CO TÍTULO DA ESO

4.1 BACHARELATO

4.2 FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO

4.3 ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

5. OPCIÓN SEN O TÍTULO DA ESO

5.1 PROBA DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO


5.2 EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA)

6. ESTUDOS SUPERIORES

7. RECURSOS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

1- ESTRUCTURA DO SISTEMA EDUCATIVO

SISTEMA EDUCATIVO LOMLOE



2- EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)

1º ESO



- MATEMÁTICAS
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
- LINGUA GALEGA E LITERATURA
- 1ª LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
- XEOGRAFÍA E HISTORIA
- 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS)
- TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN
- EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
- EDUCACIÓN FÍSICA
- RELIXIÓN OU PROXECTO COMPETENCIAL (escoller 1)
- TUTORÍA

2º ESO



- MATEMÁTICAS
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
- LINGUA GALEGA E LITERATURA
- 1ª LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
- FÍSICA E QUÍMICA
- XEOGRAFÍA E HISTORIA
- 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS)
- TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN
- MÚSICA
- EDUCACIÓN FÍSICA
- RELIXIÓN OU PROXECTO COMPETENCIAL (escoller 1)
- TUTORÍA

3º ESO



- MATEMÁTICAS
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
- LINGUA GALEGA E LITERATURA
- 1ª LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
- BIOLOXÍA E XEOLOXÍA
- FÍSICA E QUÍMICA
- XEOGRAFÍA E HISTORIA
- EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS
- EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
- EDUCACIÓN FÍSICA
- MÚSICA
- RELIXIÓN OU PROXECTO COMPETENCIAL (escoller 1)
- TITORÍA

- OPTATIVA (escoller 1): 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS)
CULTURA CLÁSICA
CULTURA FINANCEIRA
EDUCACIÓN DIXITAL
ORATORIA

4º ESO



- MATEMÁTICAS A ou MATEMÁTICAS (B) (escoller 1)
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
- LINGUA GALEGA E LITERATURA
- 1ª LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
- XEOGRAFÍA E HISTORIA
- EDUCACIÓN FÍSICA
- RELIXIÓN OU PROXECTO COMPETENCIAL (escoller 1)
- TITORÍA

- MATERIAS OPCIÓN (escoller 3): BIOLOXÍA E XEOLOXÍA / FÍSICA E QUÍMICA / TECNOLOXÍA
LATÍN / ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO
DIXITALIZACIÓN / 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) / EXPRESIÓN ARTÍSTICA / MÚSICA
INTELIXENCIA ARTIFICIAL / FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL

- MATERIA OPTATIVA (escoller 1): 1 MATERIA DE OPCIÓN (non escollida anteriormente)
FILOSOFÍA
CULTURA CLÁSICA (se non foi cursada en 3º)
ORATORIA (se non foi cursada en 3º)

3- PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA ESO

► PROMOCIÓN NA ESO

- O alumnado **promocionará de curso** cando teña **superadas todas as materias** ou teña **avaliación negativa nunha ou en dúas materias como máximo**, sendo tamén computables as materias non superadas dos cursos anteriores.
- **Excepcionalmente, poderá autorizarse a promoción** dun/dunha alumno/alumna **con avaliación negativa en máis de dúas materias** cando se cumpran todas as condicións seguintes:
 - ◆ Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - ◆ Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias con avaliación negativa non sexa superior a dez. Non se considerarán as materias pendentes nin horas de libre disposición.
 - ◆ Que o equipo docente considere que as materias con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
 - ◆ Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - ◆ Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.
- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.
- Poderase permanecer no mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo no ensino obrigatorio.

► TÍTULO DA ESO

- **Obterás o título de ESO** se superas todas as materias do **4º curso de ESO**.
- **Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título** por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:
 - ◆ Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - ◆ Que a xuízo do equipo docente o/a alumno/a adquirise as competencias clave.
 - ◆ Que a xuízo do equipo docente o/a alumno/a acadase os obxectivos da etapa.
- **Co título da ESO poderás acceder a calquera das ensinanzas postobligatorias**:
 - ◆ **Bacharelato**
 - ◆ **Formación Profesional de Grao Medio**

4- OPCIÓN DESPOIS DE 4º ESO

▶ SE TES O TÍTULO DA ESO

■ BACHARELATO

- ◆ Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía
- ◆ Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais
- ◆ Modalidade de Artes
- ◆ Modalidade Xeral

■ FORMACIÓN PROFESIONAL

- ◆ Ciclos Formativos de Grao Medio

■ ENSEÑANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

- ◆ Música / Danza
- ◆ Artes Plásticas e Deseño (ciclos de grao medio)
- ◆ Ensinanzas deportivas (técnico deportivo)
- ◆ Idiomas

▶ SE NON TES O TÍTULO DA ESO

- ◆ Ciclos de Formación Profesional Básica (FP Básica).
- ◆ Ensinanza Secundaria para persoas adultas (ESA).
- ◆ Proba libre para acadar o título da ESO.
- ◆ Acceder aos ciclos formativos de Formación Profesional de Grao Medio, mediante proba e con 17 anos cumpridos no ano en que se celebran as probas.

Outras alternativas:

- ◆ A formación ocupacional.
- ◆ A formación non regrada.

4.1 BACHARELATO

O **Bacharelato** é a última etapa da educación secundaria, non é obrigatoria, comprende dous cursos académicos e a súa finalidade é a formación xeral do alumnado, así como a súa orientación e preparación para estudos universitarios ou de formación profesional de grao superior.

Existen catro **modalidades de Bacharelato**:

- 1) **Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía**
- 2) **Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais**
- 3) **Modalidade de Artes**, que se organiza en 2 vías:
 - Artes plásticas, imaxe e deseño
 - Música e artes escénicas
- 4) **Modalidade Xeral**

■ As ensinanzas de Bacharelato permítenche cursar estes estudos en función das túas preferencias: escoller unha modalidade, cunhas materias obrigatorias e outras de opción dentro de cada modalidade e outras optativas. Estas sucesivas eleccións configuran o **teu itinerario persoal**. É necesario pois, que teñas unha idea clara do que queres estudar despois para poder deseñar o itinerario máis acorde coas túas preferencias e necesidades.

► **No IES As Telleiras impártese o Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e o Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais. Matrícula: finais de xuño**

► Se queres estudar o Bacharelato de Artes, tes que facer previamente unha solicitude de admisión (do 1 ao 20 de marzo) noutro centro que imparta dita modalidade.

No IES Concepción Arenal (Ferrol), impártese a modalidade de artes plásticas, imaxe e deseño.

No IES Ricardo Carvalho Calero (Ferrol), impártese a modalidade de música e artes escénicas.

► Se queres estudar o Bacharelato Xeral, tes que facer previamente unha solicitude de admisión (do 1 ao 20 de marzo) noutro centro (*IES Saturnino Montojo*).

■ QUE SAÍDAS TEN O BACHARELATO?

- ” **Acceso aos graos universitarios.**
- ” **Acceso aos ciclos formativos de grao superior.**
- ” **Acceso aos estudos superiores de ensinanzas de réxime especial.**

■ *Nas seguintes páxinas, tes información sobre as diversas modalidades de Bacharelato, e a súa organización en 1º e 2º (materias obrigatorias, de opción de modalidade e optativas).*

1º BACHARELATO



MODALIDADE DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA	MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
<ul style="list-style-type: none"> ■ FILOSOFÍA ■ LIINGUA GALEGA E LITERATURA I ■ LIINGUA CASTELÁ E LITERATURA I ■ 1ª LINGUA ESTRANXEIRA I (INGLÉS) ■ EDUCACIÓN FÍSICA 	<ul style="list-style-type: none"> ■ FILOSOFÍA ■ LIINGUA GALEGA E LITERATURA I ■ LIINGUA CASTELÁ E LITERATURA I ■ 1ª LINGUA ESTRANXEIRA I (INGLÉS) ■ EDUCACIÓN FÍSICA
<ul style="list-style-type: none"> ■ MATEMÁTICAS I 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LATÍN I ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I (<i>Escoller 1</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ■ BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS ■ FÍSICA E QUÍMICA ■ DEBUXO TÉCNICO I ■ TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA I (<i>Escoller 2</i>) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ ECONOMÍA ■ GREGO I ■ HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO ■ LITERATURA UNIVERSAL ■ LATÍN I ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I (<i>Escoller 2</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ■ ANATOMÍA APLICADA ■ ANTROPOLOXÍA ■ LITERATURA GALEGA DO SXX E ACTUALIDADE ■ CULTURA AUDIOVISUAL ■ TIC I ■ CULTURA CIENTÍFICA ■ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA I (francés) ■ TECNOLOXÍAS INTELIXENTES ■ 1 MATERIA DE MODALIDADE (<i>Escoller 1</i>) ■ RELIXIÓN /ATENCIÓN EDUCATIVA (<i>escoller 1</i>) 	

2º BACHARELATO



MODALIDADE DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA	MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS
<ul style="list-style-type: none"> ■ HISTORIA DA FILOSOFÍA ■ HISTORIA DE ESPAÑA ■ LIINGUA GALEGA E LITERATURA II ■ LIINGUA CASTELÁ E LITERATURA II ■ 1ª LINGUA ESTRANXEIRA II (INGLÉS) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ HISTORIA DA FILOSOFIA ■ HISTORIA DE ESPAÑA ■ LIINGUA GALEGA E LITERATURA II ■ LIINGUA CASTELÁ E LITERATURA II ■ 1ª LINGUA ESTRANXEIRA II (INGLÉS)
<ul style="list-style-type: none"> ■ MATEMÁTICAS II ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I (<i>Escoller 1</i>) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ LATÍN II ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II (<i>Escoller 1</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ■ BIOLOXÍA ■ FÍSICA ■ QUÍMICA ■ XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS ■ DEBUXO TÉCNICO II ■ TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA II (<i>Escoller 2</i>) 	<ul style="list-style-type: none"> ■ GREGO II ■ EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO ■ XEOGRAFÍA ■ HISTORIA DA ARTE ■ LATÍN II ■ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II (<i>Escoller 2</i>)
<ul style="list-style-type: none"> ■ MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS ■ PSICOLOXÍA ■ XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA ■ TIC II ■ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA II (francés) ■ TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA ■ 1 MATERIA MODALIDADE (<i>Escoller 1</i>) ■ RELIXIÓN / ATENCIÓN EDUCATIVA (<i>escoller 1</i>) 	

**MATERIAS PROPIAS DA MODALIDADE ARTES:
ARTES PLÁSTICAS IMAXE E DESEÑO**

1º BACHARELATO:

- **Debuxo artístico I**
- Dúas materias a escoller entre:
 - a) Cultura audiovisual.
 - b) Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño I.
 - c) Proxectos artísticos
 - d) Volumen

2º BACHARELATO:

- **Debuxo artístico II**
- Dúas materias a escoller entre:
 - a) Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño II
 - b) Deseño
 - c) Fundamentos artísticos
 - d) Técnicas de expresión gráfico-plástica

MATERIAS PROPIAS DA MODALIDADE XERAL

1º BACHARELATO:

- **Matemáticas xerais**
- Escoller dúas materias entre todas as materias de modalidade de primeiro curso que oferta o centro, entre elas obrigatoriamente ofertarase:
 - a) Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial

2º BACHARELATO:

- **Ciencias xerais**
- Escoller dúas materias entre todas as materias de modalidade de primeiro curso que oferta o centro, entre elas obrigatoriamente ofertarase:
 - a) Movementos culturais e artísticos

**MATERIAS PROPIAS DA MODALIDADE DE ARTES:
MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS**

1º BACHARELATO:

- Escoller **unha materia entre:**
 - a) Análise musical I**
 - b) Artes Escénicas I**
- Escoller dúas materias entre:
 - a) Coro e técnica vocal I
 - b) Cultura audiovisual
 - c) Linguaxe e práctica musical
 - d) Análise musical I
 - e) Artes escénicas I

2º BACHARELATO:

- Escoller **unha materia entre:**
 - a) Análise musical II**
 - b) Artes Escénicas II**
- Escoller dúas materias entre:
 - a) Coro e técnica vocal II
 - b) Historia da música e da danza
 - c) Literatura dramática
 - d) Análise musical II
 - e) Artes escénicas II

4.2 FORMACIÓN PROFESIONAL www.edu.xunta.gal/fp

A finalidade da Formación Profesional é a preparación do alumnado para a actividade nun campo profesional e a súa capacitación para o desenvolvemento cualificado dunha profesión.

■ OFERTA DE FORMACIÓN PROFESIONAL

A Formación Profesional organízase nas diversas ramas profesionais que se representan nos logotipos que podes ver a continuación:



Cada unha das familias profesionais inclúe unha oferta formativa que integra ciclos formativos de grao básico, grao medio, grao superior e cursos de especialización.

Recoméndase buscar información sobre os ciclos formativos de grao medio (CM) :

- ▶ Folletos informativos: www.edu.xunta.gal/fp/folletos
- ▶ Buscador de ciclos: www.edu.xunta.gal/fp/ciclos

■ A FORMACIÓN PROFESIONAL pódese cursar por varios réximes:

- **No réxime ordinario:** por curso completo e na modalidade presencial.
- **No réxime de adultos:** por curso completo ou de xeito parcial, por módulos formativos, nas modalidades tanto presencial como a distancia.
- **No réxime dual:** formación compartida entre o centro e unha empresa coa que se realiza un convenio, sendo a estancia na empresa remunerada a través dun contrato de formación.

Para realizar a matrícula no réxime modular e dual é preciso ter cumpridos os 18 anos no ano natural no que se inicien os estudos.

■ REQUISITOS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

- Título de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Título de Técnico Básico de Formación Profesional (FP Básica).
- Proba de acceso (con 17 anos cumpridos no ano de realización da proba).

Na cota de acceso xeral, a distribución de prazas será a seguinte:

- **Grupo 1** (entre o 75% e 85% das prazas). Co título da ESO ou FP Básica.
- **Grupo 2** (entre o 10% e o 20%). Coa proba de acceso a ciclos formativos superada.
- **Grupo 3** (ata o 10%). Co título de técnico ou de técnico superior de FP
(ou con outros academicamente superiores).

■ ADMISIÓN E MATRÍCULA CICLOS GRAO MEDIO NO RÉXIME ORDINARIO

O calendario de admisión e matrícula na Formación Profesional publicarase, aproximadamente no mes de xuño, na páxina web www.edu.xunta.gal xunto coas instrucións sobre o procedemento: prazos de presentación de solicitudes, de adxudicación de praza e de formalización de matrícula.

■ QUE TITULACIÓN SE OBTÉN CO CICLO FORMATIVO DE GRAO MEDIO?

- Obtense o **Título de Técnico** na profesión correspondente.

■ QUE SAÍDAS TEÑEN OS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO?

- ” Acceso aos ciclos formativos de grao superior.
- ” Acceso ao Bacharelato.
- ” Acceso ao mercado laboral.

■ ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS www.edu.xunta.gal/portal/node/2535

◆ MÚSICA

• **Ensinanzas de música regradas:** estúdanse en conservatorios de música e centros autorizados de música e obtense un título con validez académica e profesional.

• **Ensinanzas de música non regradas:** estúdanse nas escolas de música e obtense un certificado.

Como se organizan as ensinanzas de música? Que titulación se acada? Onde se estuda?

• **Ensinanzas de Grao Elemental:** consta de 4 cursos académicos.

• **Ensinanzas de Grao Profesional:** consta de 6 cursos académicos, accédese mediante proba, e ao finalizar estas ensinanzas obtense o título de Técnico de Ensinanzas Profesionais de Música.

En Ferrol, ofértanse no Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño.

• **Ensinanzas de Grao Superior:** consta de 4 cursos académicos, accédese co título de bacharelato ou equivalente e tras superar unha proba específica para cada especialidade, e obtense o título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música

En Galicia, ofértanse nos Conservatorios Superiores de Música (A Coruña e Vigo).

◆ DANZA

• **Ensinanzas de danza regradas:** estúdanse en conservatorios de danza e centros autorizados de danza e obtense un título con validez académica e profesional.

• **Ensinanzas de danza non regradas:** estúdanse nas escolas de danza e obtense un certificado.

Como se organizan as ensinanzas de danza? Que titulación se acada? Onde se estuda?

• **Ensinanzas de Grao Elemental:** consta de 4 cursos académicos.

• **Ensinanzas de Grao Profesional:** consta de 6 cursos académicos, accédese mediante proba, e ao finalizar estas ensinanzas obtense o título de Técnico de Ensinanzas Profesionais de Danza.

En Galicia, ofértase no Conservatorio Profesional de Danza de Lugo.

• **Ensinanzas de Grao Superior:** consta de 4 cursos académicos, accédese co título de bacharelato ou equivalente e tras superar unha proba específica para cada especialidade, e obtense o título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Danza.

En Galicia non se oferta o Grao Superior.

◆ ENSINANZAS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Comprenden estudos relacionados coas artes aplicadas, oficios artísticos, diversas modalidades de deseño e conservación e restauración de bens culturais. As ensinanzas de artes plásticas e deseño organízanse en ciclos de formación específica de grao medio e superior.

Acceso a ciclos grao medio: Co título da ESO e a superación dunha proba específica.

Sen o título da ESO tes superar unha proba de madurez e unha proba específica.

Titulación: **Título de Técnico en Artes Plásticas e Deseño na especialidade estudada.**

■ ENSINANZAS DEPORTIVAS

Ensinanzas técnico deportivas que teñen como finalidade a formación de adestradores, monitores e técnicos deportivos nunha modalidade ou especialidade deportiva, e se organizan en ciclos de formación específica de grao medio e superior.

Acceso a ciclos de grao medio: Co título da ESO e a superación dunha proba específica.

Titulación: **Título de técnico deportivo na especialidade estudada.**

■ ENSINANZAS DE IDIOMAS

As ensinanzas de idiomas realízanse nas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI), que son centros especializados no ensino dos idiomas.

As ensinanzas de idiomas organízanse en diversos niveis:

- Básico (A1-A2)
- Intermedio (B1)
- Avanzado (B2)
- Especialización (C1-C2)

Co título da ESO terás acceso ao nivel básico (A2).

Tamén se convocan probas libres de nivel para obter certificado e o acceso a calquera dos cursos.

Coa superación de cada un dos niveis acádase un certificado.

5- OPCIÓN SEN O TÍTULO DA ESO

5.1 PROBA DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO

Poderán acceder aos ciclos medios mediante proba, as persoas que non reúnan os requisitos académicos e teñan cumpridos 17 anos no ano de realización da proba. Para o acceso a ciclos mediante proba resérvase entre o 10% e o 20% das prazas, e terase en conta a nota media acadada.

A proba estrutúrase en tres partes:

- 1ª parte: Sociolingüística (lingua castelá, lingua galega e ciencias sociais).
- 2ª parte: Matemática (matemáticas).
- 3ª parte: Científico-técnica (ciencias da natureza e tecnoloxía).

► Nesta páxina web podes atopar información xeral sobre as probas de acceso, así como modelos de exames de anteriores convocatorias: www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio

► Nesta páxina web actualízase a información e o procedemento das probas de acceso na convocatoria actual: www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio-convocatoria-actual

5.2 EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA) www.edu.xunta.gal/portal/ea

■ **Ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria:** dirixidas a persoas sen titulación, con 18 anos, que desexen obter o título de ESO.

■ As materias organízanse en tres ámbitos de coñecemento:

- **Comunicación:** lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira.
- **Social:** xeografía e historia e educación en valores éticos e cívicos.
- **Científico- Tecnolóxico:** inclúe contidos de bioloxía e xeoloxía, física e química, matemáticas e de tecnoloxía e dixitalización.

■ **Que duración ten?**

Xeralmente duran 2 cursos académicos, en cada curso pódense cursar dous módulos cunha duración cuadrimestral (1º cuadrimestre de setembro a febreiro e 2º cuadrimestre de febreiro a xuño). Cada módulo correspóndese cun curso de ESO, quedando do seguinte xeito:

- **No 1º ano impártese: Módulo 1 (1º ESO) e módulo 2 (2º ESO)**
- **No 2º ano impártese: Módulo 3 (3º ESO) e módulo 4 (4º ESO)**

■ **Que título se obtén? Título de Graduado/a en Educación Secundaria.**

■ **Onde se estuda? A modalidade presencial e semipresencial pode cursarse no seguinte centro da zona de Ferrolterra: EPAPU Santa María de Caranza (Ferrol).**


6- ESTUDOS SUPERIORES

► UNIVERSIDADE

Requisitos de acceso:

- **Co Título de Bacharelato + Proba de acceso á universidade (PAU)**

Para acceder ás titulacións oficiais de Grao das universidades, tes que ter o título de BAC e ademais superar unha proba obrigatoria que versará sobre as materias comúns e a materia obrigatoria de modalidade de 2º Bacharelato, e poderás subir a nota de acceso, examinándote na parte voluntaria de ata tres materias de modalidade e da segunda lingua estranxeira.



Nesta páxina web www.ciug.gal tes toda a información relativa á PAU, así como a táboa de ponderacións das materias da parte voluntaria.

- **Co Título de Técnico Superior de Formación Profesional** podes acceder ás titulacións oficiais de Grao das universidades, sendo a túa nota a media obtida no ciclo formativo de grao superior, así mesmo poderás subir nota presentándote á parte voluntaria da PAU.

► CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

- **Acceso directo** : co Título de Bacharelato.
co título de Técnico de FP (Grao Medio).

- **Acceso mediante proba:** sen título de BAC e con 19 anos.

Parte común: matemáticas, lingua castelá e lingua galega.

Parte específica: - opción A (economía, lingua estranxeira, filosofía).

- opción B (debuxo técnico, física, tecnoloxía).

- opción C (química, bioloxía, ciencias da terra).

6- RECURSOS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

IES AS TELLEIRAS

www.edu.xunta.gal/centros/iesastelleiras/

BLOG DE ORIENTACIÓN DO IES AS TELLEIRAS

<https://elorienta.com/telleiras/>

FORMACIÓN PROFESIONAL

www.edu.xunta.gal

www.todofp.es

UNIVERSIDADES

- UNIVERSIDADE DE A CORUÑA www.usc.gal
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO www.udc.gal
- UNIVERSIDADE DE VIGO www.uvigo.gal

ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL: www.edu.xunta.gal/portal/es/eea

ENSINANZAS DE ADULTOS: www.edu.xunta.gal/portal/ea

ENSINANZAS ARTÍSTICAS: www.edu.xunta.gal/portal/node/2535

FORZAS ARMADAS: www.reclutamento.defensa.gob.es

MINISTERIO DE EDUCACIÓN: www.educacionfpydeportes.gob.es

BECAS www.becaseducacion.gob.es